



O Arcebispo
de Santiago de Compostela

Carta Pastoral na XVII Xornada Interparroquial de solidariedade cos Parados Maio de 2010

Queridos diocesanos:

Dada a conxuntura económica na que nos atopamos, esta Xornada Interparroquial de Solidariedade cos Parados adquire un relevo especial. Chámasenos a compartir a situación, ás veces dramática, en que se atopan moitas persoas e conseguintemente familias que están sufrindo as consecuencias da falta de traballo. Unha vez máis percibimos que para o bo funcionamento da sociedade é prioritaria a promoción dun traballo digno para todos. A carencia de traballo xera pobreza e disgregación social e ofende a dignidade da persoa humana. Caritas, de xeito especial, é testemuña desta situación.

Na preocupación de promover unha sensibilización social ante este reto, preocupápanos onde nos levaran as actuais desventuras financeiras, que están repercutindo evidentemente na oferta de traballo ou na perda de emprego. O papa Benedicto XVI acaba de dicirnos sobre a situación financeira mundial, que “cando o afán do lucro e a acción especulativa sen límites impoñe nos mercados, a persoa humana está construíndo a súa casa sobre area”.

As persoas, sobre todo os mozos en busca do primeiro emprego, “descobren significado e confianza no futuro cando atopan un traballo de longa duración coa oportunidade dunha merecida promoción”. É urxente responder nas circunstancias que vivimos, ás necesidades de quen buscan un emprego digno e oportunidades para saír da pobreza e evitar a marxinação e a explotación. A xeración dun traballo digno é unha acción prioritaria, “un traballo que, en calquera sociedade, sexa expresión da dignidade esencial de todo home ou muller: un traballo libremente elixido, que asocie efectivamente aos traballadores, homes e mulleres, ao desenvolvemento da comunidade; un traballo que deste xeito faga que os traballadores sexan respectados, evitando toda discriminación; un traballo que permita satisfacer as necesidades das familias e escolarizar aos fillos sen que se vexan obrigados a traballar; un traballo que consinta aos traballadores organizarse libremente e facer oír a súa voz; un traballo que deixe espazo para reencontrarse adecuadamente coas propias raíces no ámbito persoal, familiar e espiritual; un traballo que asegure unha condición digna aos traballadores que chegan á xubilación? (*Caritas in veritate*, 63).



O Arcebispo
de Santiago de Compostela

Neste perspectiva, é necesaria a solidariedade, “elemento fundamental da visión humanizadora do traballo, na que a capacidade de construír e de actuar afronta as situacións de precariedade ou ata de urxencia, para buscar responsablemente un posible remedio”. É precisa a subsidiariedade, “grazas á cal é posible estimular o espírito de iniciativa, base fundamental de todo desenvolvemento socioeconómico”, sen esquecer que “sen xustiza social non pode existir democracia integral”. E, ademais, é imprescindible a mirada da caridade, esencial para a vida do cristián, que nos permite comprender máis exactamente a realidade social. Como nos recorda Benedicto XVI, “para iso necesítanse uns ollos novos e un corazón novo, que superen a visión materialista dos acontecementos humanos e que albisquen no desenvolvemento ese algo máis que a técnica non pode ofrecer? (*Deus caritas est*, 31). Non esquezamos as palabras de Paulo á comunidade de Éfeso: “En todo vos mostrei que é, traballando así, como se cómpre valerlles aos necesitados, recordando as palabras do Señor Xesús, que dixo: e máis felicidade dar que en recibir” (Feit 20,35).

Con todo agradecemento, saúdavos e bendí no Señor,

+Xulián Barrio Barrio,
Arcebispo de Santiago de Compostela